

## **ASISTENTES:**

Cándido Pérez Betánzos	da CIG
Ramón Barreiro García	da CIG
Luis Pérez Gómez	da CIG
M <sup>a</sup> José Montero Vilariño	da CIG
Luis José Olivares Requejo	de CCOO
Mercedes Alonso Alonso	de CCOO
Francisco Javier Fernández Martínez	de CCOO
Cesáreo García Camiña	da UGT
Carlos Román Lago	da UGT
Manuel Velasco Graña	Delegado Sindical de CCOO

Reunidos nos locais sindicais do Campus de Vigo ás 10 horas da mañá, procédese a estudar os temas expostos na orde do día.

### **1. Lectura e Aprobación da Acta anterior:**

Léese e apróbase por unanimidade a acta do 9 de Setembro do 99.

### **2. Informe do Presidente:**

- R.R.<sup>1</sup> de 21/09/99 de cese do Director dos Servicios Informáticos de Investigación, D. Antonio Domínguez Iglesias.
- Notificación de Denuncia de Contrato de Dna. Inmaculada Melgar Bachiller, por cobertura da súa plaza por persoal laboral fixo.
- R.R. do 29/9/99 pola que se convoca a provisión de plaza dun posto de dirección dos servicios informáticos, mediante libre designación.
- Adxudicación Definitiva de plaza de Auxiliar Técnico de Biblioteca en Ourense con efecto de 28/9/99, por R.R de 23/9/99.
- Despois das xestións realizadas no servizo de persoal pola Presidente e o Secretario deste Comité nomeada na reunión anterior, a empresa decidiu enviar carta anunciando a nova retención a todos os afectados. Queda pendente de recibir resposta á consulta feita á Axencia Tributaria.

---

<sup>1</sup> R.R. = Resolución rectoral.

- Recibida petición de traslado provisional por si se crea algunha praza de Tec. Esp. En Medios Audiovisuais.
- Recibido escrito do director do Servicio de I+D reclamando para traballadores do grupo I un plus similar ó que veñen cobrando outros traballadores do mesmo grupo.

### **3. Asuntos de Trámite:**

- Escrito de traballador da Universidade de Santiago que aprobou oposicións por P.I. na Universidade de Vigo solicitando traslado provisional a Santiago.

### **4. Anteproxecto do Convenio Colectivo, aprobación e convocatoria asembleas:**

- Analízase o estado do anteproxecto e se decide convocar unha reunión exclusivamente para rematar a súa elaboración.

### **5. Outros asuntos a proposta dos membros do Comité:**

- Feita proposta de convocatoria para Auxiliares de Servicio. Proponse facer dúas modificacións que son aceptadas polos presentes; que consisten en unha celebración en xornadas distintas dos exercicios eliminatorio e obrigatorios.

### **6. Rogos e Preguntas:**

- Carlos Román presenta queixa pola inclusión, sen opción de reciprocidade, de Analistas da Universidade de Santiago na convocatoria para a provisión de Director de Servicios informáticos<sup>2</sup>. Proponse a anulación da R.R. do 29/9/99 pola que se convoca a provisión de plaza dun posto de dirección dos servicios informáticos, mediante libre designación, a firma dun convenio que permita a reciprocidade coa Universidade de Santiago nestes casos, e que se faga logo unha nova R.R.

---

<sup>2</sup> Véase Punto 2 da orde do día.

- Consulta recibida por e-mail acerca de dereitos concedidos a persoal con 10 anos de antigüidade na Universidade, permitindo o paso, só a efectos económicos ó grupo inmediatamente superior, posiblemente reflectido nun convenio do ano 88.

### **ACORDOS:**

- Informar favorablemente á petición de traballador da Universidade de Santiago que aprobou oposicións por P.I. na Universidade de Vigo solicitando traslado provisional a Santiago.
- Convocar unha reunión exclusivamente para rematar a elaboración do anteproxecto do convenio colectivo o vindeiro 15/10/99.
- Facer escrito solicitándolle ó rector a anulación da R.R. do 29/9/99 pola que se convoca a provisión de plaza dun posto de dirección dos servizos informáticos, mediante libre designación, a firma dun convenio que permita a reciprocidade coa Universidade de Santiago nestes casos, e que se faga logo unha nova R.R.
- Facerlle a seguinte pregunta á Empresa: "¿En que situacións Administrativas pode estar un traballador que se encontre destinado?".

Fdo: Luis José Olivares Requejo  
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos  
(Presidente)